

UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
Sección de bolsas  
Pavillón de Estudantes  
Campus de Elviña  
15071 A CORUÑA  
Correo electrónico: [bolsas@udc.es](mailto:bolsas@udc.es)

## RESOLUCIÓN COMPLEMENTARIA DA CONVOCATORIA DE AXUDA AO TRANSPORTE URBANO NA CIDADE DA CORUÑA E PARA ÁS AREAS DE TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA E DE FERROL CURSO 2015-2016

As presentes axudas posúen un carácter de axuda complementaria e teñen por OBXECTO colaborar nos gastos de pagamento do transporte público do alumnado que cursa estudos conducentes a obtención dun título oficial de graduado, licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ou mestrado da UDC por estaren nunha situación socio-económica difícil.

O alumnado beneficiario desta axuda e ao que lle afecta esta resolución é o que quedou en listaxe de agarda na Convocatoria de axudas para o transporte urbano na cidade da Coruña e para as áreas de transporte metropolitano da Coruña e de Ferrol, curso 2015/2016.

O alumnado beneficiario da Urbana da Coruña terá que ir activar a súa tarxeta Millenium nas oficinas do Concello da Coruña sitas na Estación de Autobuses, no Forum Metropolitano, no Pazo de María Pita ou no ÁGORA.

O alumnado beneficiario da TMG tanto da Coruña como de Ferrol o aboamento destas axudas farase efectivo no momento no que se efectúe a recarga das tarxetas (explicación no Anexo I).

En ambos casos hai un prazo máximo de dous meses tanto para activaren a súa tarxeta como para aceptar as recargas o seu favor.

O financiamento destas axudas complementarias, polo importe de **50.500,00 €**, farase con cargo á partida orzamentaria **0300030009.422D.48003** co nome “ampliación bolsas transporte- La Caixa”, consistente nunha achega económica de **30.000,00 €** da entidade La Caixa á UDC e **20.500,00 €** da partida orzamentaria **0300030025.422D.48003**, “Bolsas residencias VEPEU” debido a que sobra orzamento nesa partida.


A Obra Social La Caixa fixo unha achega o 11/12/2015 na conta da Universidade da Coruña por importe de 30.000,00 € para o financiamento de axudas complementarias destinadas ao transporte público do estudantado en listaxe de agarda da Convocatoria de axuda ao transporte para o curso 2015/2016.

A Coruña, 1 de febreiro de 2016

A vicerreitora de Estudantado, Participación e Extensión Universitaria



Margarita Amor López



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
Sección de bolsas  
Pavillón de Estudantes  
Campus de Elviña  
15071 A CORUÑA  
Correo electrónico: [bolsas@udc.es](mailto:bolsas@udc.es)

## ANEXO I

### EXPLICACIÓN DE COMO FUNCIONA A TMG

Aquel alumnado beneficiario desta axuda que aínda non teña a TMG ou non gravara o número no momento de solicitala, deberá adquirirla e gravar o número da citada tarxeta no programa informático polo que solicitou a axuda:

<http://aplicacións.sic.udc.es/SolicitudBonobus> ou  
<http://servizos.udc.es>

Esta gravación ten que facerse antes do 15/02/2016.

As axudas da TMG poñeranse a disposición deste alumnado a partir de abril de 2016. Neste mes poderá recargar as axudas das viaxes feitas en xaneiro, en abril a axuda correspondente ao mes de febreiro, e así sucesivamente.

O alumnado debe acudir a un caixeiro de ABANCA, inserir a TMG e aparecerá unha mensaxe na que se avisa de que ten unha recarga ao seu favor e o importe. Simplemente debe aceptala e ese importe será automaticamente recargado na súa tarxeta.

O estado das recargas pode ser consultado no seguinte enlace:  
<http://tmg.cmati.xunta.es/consulta-tarxeta>.